

RAMÓN CABANILLAS, UN POETA NA FRANQUEIRA

Fun a Nosa Señora da Franqueira pelegrino dunha doenza do corazón. Fun dúas veces, na festa de maio e no remate de vran, e alá tornaríaa duascentas, si El Señor me dera vida e saúde.

Deste xeito comeza Ramón Cabanillas un cadro de costumes feito para o Seminario de Estudos Galegos, presentado en abril de 1927 e publicado, nese mesmo ano, pola revista Nós, co título **As romaxes de nosa señora da Franqueira. Apuntes dun ofrecido**. Cabanillas relátanos neste artigo as experiencias vividas nas dúas ocasións nas que visitou o santuario da Franqueira, en maio, polas Pascuillas e en setembro, o día 8, na celebración da Natividade da Virxe. Ambas as dúas visitas feitas en 1926.

A descrición que fai do que ve nas súas visitas é a descrición dun crente afervorado, a dun escritor que albisca cada detalle e a dunha persoa admirada co que está a descubrir: unha idade antiga, un recuncho estancado no tempo, que nos abre unha porta a lugares afastados e máxicos da Idade Media.

Únenme a Don Ramón Cabanillas o apego pola Franqueira, o amor polo teatro e o sentimento nacionalista. Mais imos por partes:

O apego á Franqueira. Que é o apego á Franqueira? Eu chámolle apego á Franqueira e esa inquedaanza, que ano tras ano, te fai erguer antes có sol para dirixirte, rubindo camiños, ata estas montañas, aínda que ao día seguinte non poidas co cansazo que se che apodera do corpo. O apego á Franqueira é gozar das súas celebracións, compartíndoas coas xentes que aquí chegan e que non deixaron de chegar durante séculos.

Xa non lembro a primeira vez, que de nena, vin con meus pais á Franqueira, mais lembro perfectamente a primeira vez que fixen o camiño a pé con meu pai, nunha noite fría de setembro ao que lle seguiu un amencer ás portas do santuario máis frío aínda. E tremíame a cunca de café na man cando dixen de non volver a pé, pero moitos anos virían detrás dese primeiro. Iso é apego. Don Ramón tamén sentiu ese apego e lembra a súa chegada á Franqueira describindoa con detalle, co detalle daquel que se sabe engaiolado xa por sempre. Así fala dos *“calexóns da aldea, que se retorcen entre as paredes das casas do santuario”*, e recolleu para sempre as *“cores de cereixa”* que lle saíron a unha rapaciña que sorprenderon ao pasar dándolle voltas ás pólas dunha xesta. Fai unha descrición das xentiñas que viñan pedir favores á Virxe ou, quizais, só esmola *“tullidos, cegos, lacrados de maus e pernas, roídos de males segredos”*. E non se esquece da comida: *“Aquí e alá, esténdense longas ringleiras de canastos acugulados de bolas de pan, de rosquillas, de melindres e froitas da terra. Ó abrigo da parede norte da eirexa érguese un fume que cega: vén das caldeiras en que o pulpo ferve a cachón”*, di Don Ramón hai case 100 anos, mais hoxe é igual, porque semella que o tempo non pasa a carón deste santuario, e, se pasa, faino de vagar, temeroso de que os novos tempos lle rouben os tesouros que aquí se encerran. *“Viven nela – di o poeta – prestixios e encantamentos de idades lonxanas”*

Peregrinou o cambadés por vez primeira á Franqueira no mes de maio, a pé, dende Mondariz Balneario, lugar onde residía daquela e do que chegou a ser concelleiro, posto que foi un dos impulsores de que esta pequena vila conseguise a independencia de Mondariz alá polo ano 1925. De Mondariz Balneario víñase nas Pascuillas acompañando a Virxe de Lurdes. Recoñece que *os camiños son longos e*

de mal andar, mais a romaxe ten un segredo feitizo. Recolle, asemade, as cantigas que mozas e vellas lle cantan á Virxe polo camiño:

Estrela nacente
na noite pechada,
á alma sen guía
pona encamiñada.

E encamiñanse as almas, acompañadas de todas as imaxes que xuntas fan o camiño dende Cumiar, Mouriscados, Batalláns, Uma... e outros moitos lugares . Coa alegría das imaxes reunidas, escoita o noso vate a misa maior, para logo procurar o xantar e coller as forzas necesarias que require a viaxe de retorno.

Cabanillas deixouse levar do fervor da peregrinaxe dende Mondariz ata A Franqueira, gozando do pracer da paisaxe observada, con descricións tales coma: *“Imos de vagar, envolveitos na soavidade e ledicia da mañán nunha longa liña, rubindo o sendeiro que corta unha valgada frorecida de carrascos e fentos”*. Unhas descricións que nos fan sentir mesmo o ruído das xentes e os seus olores: *“Unha grea suante e barulladora enche o campiño da festa. No adro, baixo o porche onde se abre o belido pórtico románico, o mesmo que nas campas que arrodean as paredes en ruínas do antigo mosteiro, non se pode dar pasada”*.

E coma bo poeta que foi, con obras tan coñecidas xa antes de vir á Franqueira coma *No desterro* ou *Da terra asoballada* , non podía Don Ramón deixar de compoñer uns versos que lle desen gloria ao santuario que tanto o engaiolou. Compuxo, pois, 29 cantigas para ser cantadas durante o camiño da peregrinaxe dende Mondariz ata A Franqueira, trátase de coplas arromanzadas, de versos hexasílabos de rima consonante nos versos pares. Estas cantigas foron publicadas

en *A nosa Terra* en xuño de 1926, co título ***Romance de Nosa Señora da Franqueira. Cantigas de andar camiño***. Como de andar camiño eran, tamén eran sinxelas de cantar para que soasen suaves nos beizos e non cansasen ao romeiro no seu camiñar. As dúas primeiras van dedicadas á Virxe de Lurdes, á que o poeta sae acompañando dende Mondariz e as demais van puntualmente dedicadas á loanza das imaxes das Virxes que polo camiño se lles van xuntando.

As primeiras son, pois, dedicadas á Virxe de Lurdes:

A Virxe de Lurdes
vai para a Franqueira
visitar a santa
virxe compañeira.

Logo veñen as de invocación á Virxe da Franqueira:

Virxe da Franqueira
que tes un meniño
fainos levadeiro
o longo camiño.

Seguen as dos encontros con outras virxes no camiño, como exemplo a da parroquia de Uma, en Salvaterra:

Camiño do monte
Que leva á Franqueira
A Virxe de Uma
Xa está á nosa beira.

E finaliza co encontro da Virxe de Lurdes coa da Franqueira:

A Virxe de Lurdes
ten unha roseira
as mellores rosas
son para a Franqueira.

Estas cantigas escribeas inmediatamente despois da súa estadía na Franqueira no mes de maio, profundamente marcado pola impresión que causou nel a romaría.

Porén, é na descrición da festa do verán onde Ramón Cabanillas se deleita máis no detalle, esta é a *“festa fonda e radicalmente enxebre”*, dinos e recolle as queixas magoantes dos esmoleiros coma a da nai chorosa, que sostén un rapaciño no colo, e cunha voz de anguria que parte o corazón espétalles aos romeiros:

- *Deume Deus este filliño parvo e cego! Pido pra el que non me deixa ganalo!*

E non se esquece da festa: *“ No adro, unha charanga e un gaiteiro tocan e tocan sen punto de repouso. A poeira que levantan os bailadores afoga”* e observa o *“paseo da moda”*, antes da misa cantada onde *“As señoritas aldeáns van e veñen collidas das mans, a falar, a rebulir coma paxaros”*, sábense admiradas dos mozos.

Ata imaxinamos os rúidos nas súas verbas: *“Os sinos rompen a bater cun balbordo que abouxa. Os foguetes e as bombas de trono estoupan por ducias”*

Dinos o poeta, que unha vez máis sae pola mañanciña cedo de Mondariz Balneario e, desta volta, sen a compañía das virxes, collen outro vieiro, polo monte raso onde pode gozar das *frolañas das carqueixas e dos toxos doirados polas ardentías de agosto*.

E, cando por fin chega, exclama *“El Señor seia loubado, a torre do campanario está diante de nós!”*

Non sei canto lle levaría a Don Ramón chegar dende Mondariz ata a Franqueira, seica hai 18 quilómetros entre ambas, a min sepáranme dende o portal da miña casa, en Alxén, uns 25 quilómetros, e a súa exclamación ben podería ser a miña, do desfeita que chego, mais chea de satisfacción por telo conseguido. Porén eu non vexa a torre do campanario, como veu Don Ramón, á miña chegada. Por onde eu veño vou dar a unha corredeira empinada, por detrás da casa do señor cura. A metade do camiño fágoo de noite e amence ao pasar Vilacoba. Son unhas catro horas e media de viaxe, contando cuns 10 minutos para o almorzo, máis non! porque logo faise difícil volver mover as pernas. Os meus camiños tamén teñen toxos e carqueixas floridas, como tiñan os do poeta, aínda que non sempre, porque os camiños de montes rasos de 1926, están atravesados agora por camiños novos de piche. Tampouco entro pola avenida de xestas anoadas polos dedos áxiles das mozas casadeiras, senón por unha costa longa á que eu chamo camiño dos somieres, porque a meirande parte dos accesos ás veigas non usan de cancelas para afastalos de intrusos, senón de reciclados somieres de camas vellas.

Os tempos mudan, os meus camiños xa non son os seus camiños, as casas que eu vexo con tixolos ferindo as pedras xa non son as que Cabanillas describe como *“casas humildes, ergueitas con rexos sillares de pedra moura, apretadas en rueiro, que semellan un fato de velliñas rexoubadoras cubertas co mantelo aldeán.”*

Porén, hai algo que non cambia neste lugar máximo que é a Franqueira, e Cabanillas tamén así o percibiu, a Nosa Señora da Franqueira, que nos observa co neno no colo dende hai séculos.

Di Don Ramón que a imaxe da Virxe de pedra data do século VIII, aínda que estudos máis recentes dátana no século XIV, *“labrada en pedra galega de gran*

negro e duro pola man sinxela dun canteiro descoñecido do século VIII. Imaxe bendita e milagreira que, enterrada catrocentos anos para liberala dos aldraxes dos mouros, foi agora, sin respecto, enlixada con policromado lambido e rechamante”.

Por que, entón, nos di isto Cabanillas? Esta teoría do poeta ten a súa explicación. Cando os musulmáns chegaron á Península, alá polo ano 711 e concretamente a Galiza tres anos despois, os pequenos templos cristiáns visigodos, temerosos dos saqueos dos musulmáns, agocharon as imaxes nos montes, nas covas, en lugares, en fin, nos que non podían ter fácil acceso os saqueadores. Aínda que a estadía dos musulmáns na nosa terra foi breve, non foi así no resto do territorio peninsular e foron moitas as incursións que fixeron en Galiza a modo de aviso, como a feita por Almanzor no ano 997, na que arrasou Compostela. Estas imaxes, agochadas no século VIII, volven xurdir séculos despois, cando os veciños xa non lembran quen, nin en onde foran agochadas. A esta historia se refire Cabanillas cando fala da Virxe aparecida na fonte, agochada durante séculos. Sexa do século VIII ou do XIV a imaxe ten claras reminiscencias medievais e non deixa de sorprendernos cando a admiramos. O cronista Huerta, citado por Vicente Risco, di que se trata dunha das tres imaxes máis antigas de Galiza, de orixe visigótica, tendo culto xa dende o século VII. Serían, pois, os veciños, quen pasados os séculos a atoparon. Di a lenda que foi unha velliña que levaba pacer o gando, no que logo se chamou o “Coto da vella”, quen atopou a imaxe resplandecendo no medio dos penedos, entre Luneda e Franqueira. Os bois xunguidos ao carro no que se cargou a Virxe, serían os encargados de levala cara a Franqueira, seguindo o seu propio criterio, sen ser tanguidos por ninguén. A lenda fai cadrar a data da aparición da Virxe coa fundación da abadía cisterciense no ano 1393. A partir de aí non pararon de atribuírselle milagres á Nosa Señora da Franqueira e eran moitos os romeiros e romeiras que

cada ano viñan e veñen ofrecidos a Ela. Xa antes de fundarse a abadía, no 1361, Joham Gomes de Ribadavia deixa escrito no seu testamento a obriga de “ *ir en romaria por min huum home ou molher com oferta e con candea a Santa María da Franqueira, tamaña candea como eu de meu estado*”

Porén, o milagre máis soado da Nosa Señora foi o de traer uns cristiáns, prisioneiros en Arxel, ata a Franqueira, traendo, tamén, canda eles os seus carcereiros. Este milagre deu orixe ao romance do mouro e o cristián, que na súa versión orixinal tivo de ser un texto en galego portugués. As representacións deste tipo datan de finais do XIV ata principios do XVI, e déronse, sobre todo, naqueles lugares nos que a presenza musulmá foi máis prolongada. Se ben en Galiza só estiveron entre o 714 e o 750, como xa dixemos seguiron a realizar incursións para facer saqueos e, quizais, a Franqueira fose saqueada e o feito perdurou na memoria da xente. O certo é que só se conservan dúas representacións deste tipo en toda Galiza, a da Franqueira e a de Rairiz de Veiga en Ourense, recollida polo escritor Vicente Risco.

O texto que dá corpo ao Romance do mouro e o cristián, pertence ao teatro popular de carácter relixioso, creado para fornecer o carácter milagreiro da Virxe da Franqueira, da mesma maneira que no século XIII o rei Afonso X, O Sabio, compuxo as *Cantigas de Santa María*, para potenciar os santuarios marianos do seu territorio, temeroso da fama que estaba a acadar o Camiño de Santiago.

Este pequeno texto teatral, que non chega a ser auto sacramental, posto que non se representa nel ningunha pasaxe da liturxia, sufriu variantes dende a Idade Media até o de agora e a máis notable, sen dúbida, foi da de ser traducido ao castelán, moi probablemente, na época dos Borbóns, con Felipe V, chegados xa ao

século XVIII. Este texto en castelán, recollido por Vicente Risco en 1962 foi o que se representou na Franqueira ata que chegou Ramón Cabanillas e o escoitou, recolleu, modificou e traduciu ao galego de volta.

E chegados aquí, está o segundo motivo que me une a Ramón Cabanillas: **O AMOR POLO TEATRO**. Foi Cabanillas partícipe dos idearios das Irmandades da Fala, que fundadas en 1917, viron no teatro a forma máis directa e efectiva de chegar ao pobo. Pretendíase facer un teatro culto en galego, afastado do ruralismo. O noso autor, xa en 1926, cando visita a Franqueira estreara unha obra teatral de grande éxito *A man da Santiña*, onde as clases altas falaban galego culto. Asemade, no mesmo ano que peregrina Á Franqueira escribe *O Mariscal*, xunto con Vilar Ponte, na que se exalta a figura do Mariscal Pardo de Cela, mitificado como o abandeirado da oposición galega contra o centralismo dos Reis Católicos. Con esta bagaxe ás súas costas é de supoñer que non lle colleu o pan no corpo cando chegado o remate da misa, aquel 8 de setembro de 1926, asistiu á representación do diálogo entre mouro e cristián, en lingua castelá e sentiuse na obriga como dramaturgo que era de levalo á escrita. Deste texto fixo dúas versións: ***Romance do cristiano e do mouro na Franqueira*** de 1949 e ***Diálogo do mouro i o cristiano*** en 1974. Na primeira, os cristiáns, presos en Arxel, son traídos pola Virxe ata a Franqueira, xunto cos seus carcereiros mouros. Xa no santuario o cristián fire de morte o mouro, quen é condenado a morrer cada ano o día 8, diante da Virxe. Esta é a versión que Ramón Cabanillas di escoitar en 1926.

Na segunda versión, o mouro visita a Franqueira dende Orán. Prodúcese igualmente a loita co cristián, mais desta vez o mouro non morre, senón que se converte ao cristianismo, renegando de Mahoma, e vai en procesión detrás da Virxe. Que é a que a día de hoxe se vén representando.

Cabanillas fixo dunha obra teatral popular, transmitida oralmente de xeración en xeración, unha obra escrita, nun galego coidado, tratando de dignificar o teatro galego. Quixo darlle, ademais, veracidade á historia contada en *Apuntes dun ofrecido*, explícanos que este mouro existiu en realidade e se chamou Birnamen:

“ O mouro que, todos os anos resucitado, morre todos os anos o día 8 de setembro, é o mouro Birnarém de que fala a “Relação de tesouros e encantamentos” que se atopa n-un pergameo portugués aparecido o ano 1065 no castelo mourisco de Don Gutierre de Altamira. As liñas que falan de Birnarem din d-este xeito: Ao sul da Franqueira, dez homes de longo no pico do altiño, está encostado n-un soutullo o mouro Birnarem, deitado sobre ouro e con zapatos reflectidos de brilantes de coroa dun rei godó”

Vicente Risco, no seu estudo *“Etnografía. Cultura espiritual”*, dinos: *“Un escritor identificou, con moita gracia, a este mouro da Franqueira co Birnarem, do que fala o Ciprianillo. É evidente que Risco se refire á identificación que fai Cabanillas que acabo de citar”*.

O valor literario deste pequeno texto teatral radica no labor de Cabanillas de reelaborar un texto da dramaturxia popular, como apunta o profesor Manuel Vieites. Ademais, quixo poñer por escrito a oralidade á que se viu sumida a literatura galega durante os Séculos Escuros. É sabido, como apunta a estudosa do teatro galego, Laura Tato, que ao longo dos Séculos Escuros se representaron autos e comedias en determinados actos relixiosos. Un exemplo disto é a Confraría do Sacramento en Padrón, que a partir do ano 1556 pagoulle ao veciño Juan González de Canabal para que inventase un auto sacramental, indicándolle a pasaxe bíblica que debía

dramatizar, o número de personaxes e mesmo o tipo de vestiario. Sábese que había castigos e multas para os veciños que se negasen a interpretar os feitos. Estes datos están recollidos, porén, unha vez máis, como pasou co romance de A Franqueira o texto perdeuse. No caso que nos atinxe hai documentación que recolle as danzas que acompañan á representación do mouro e a cristián, do século XV. É de supoñer que as danzas sempre foron acompañadas da dramatización e loita dialéctica entre o mouro e o cristián, mais non atopamos o texto escrito, aínda!

Sexa como for, o noso poeta quixo restaurar o agravio que fixeron os séculos ao non ter recollido o texto e, ademais de poñelo por escrito respectando a forma métrica de romance, versos octosílabos con rima asonante nos versos pares, traduciu e tentou usar un léxico culto, pois como di Filgueira Valverde, no prólogo que fixo á publicación *Romaxes da Franqueira* de 1974, cando Cabanillas escoitou o romance, xa este andaba bastante deturpado.

Dixen, ao comezo desta homenaxe a Ramón Cabanillas que había tres cousas que me unían a el, o apego Á Franqueira, o amor ao teatro e **o sentimento nacionalista**. Chegados xa ao final é rigor que mencione que Don Ramón foi definido polo líder agrarista Basilio Álvarez coma o sucesor de Manuel Curros Enríquez, polos seus poemas de loita anticaciquil e tamén é sabido que o día 8 de abril de 1959 foi coroado en Padrón “Poeta da raza”. Poeta da raza galega, do pobo galego, amante de todas as manifestacións culturais da terra, da súa lingua e das súas xentes. É importante entender este sentir para comprender o que levou ao noso poeta a deixar por escrito a peza de teatro popular aquí representada que se viña transmitindo durante séculos de forma oral. Esa maneira de deixar constancia do visto para xeracións vindeiras, para que non esquezamos a cultura que nos fai pobo. Unha cultura que hai que entender no seu contexto social e histórico. Coa

representación do romance do mouro e o cristián debemos ollar a posta en escena dun acto histórico da Idade Media, pero non extrapolalo á actualidade. Temos que loar o milagre da Virxe ao rescatar do seu cativerio ao cristián, máis non debemos aplaudir a morte do mouro ou a súa conversión forzosa ao cristianismo. A día de hoxe e coa capacidade dunha ollada limpa e xenerosa que nos dan os séculos andados, aplaudiremos o acto teatral como manifestación do noso legado histórico vivo, máis non aplaudiremos a morte ou encadeamento dunha persoa por ter unhas crenzas ou unha ideoloxía distinta á nosa. A día de hoxe o mouro e o cristián, deberían darse a man e camiñar xuntos detrás da Virxe coma iguais, con respecto mutuo e dignidade.

Quero pensar que Ramón Cabanillas, que con tanta fermosura describiu este santuario, sentiu coma min a maxia deste lugar, que logo dun longo camiño, che dá paz e repouso, e afastou de si, coma cristián que era, os desexos de vinganza e rancor.

E o poeta dixo:

“Cando ó caír a tarde dei por acabada a festa e tornaba en boa compañía para o meu fogar, mirei para o pico do altiño e cavilei con pena que alí estaría xa de novo o mouro Birnarem, metido no soutullo; O bo de Birnarem que se ergue todos os anos para morrer diante do carro de bois, do carro galego, do carro trunfal da Nosa Señora da Franqueira!”

Raquel Castro, A Franqueira 26 de agosto de 2018

BIBLIOGRAFÍA:

- ✓ Cabanillas, Ramón: *Obra dramática* (Edición de Carlos L. Bernárdez e Manuel F. Vieites) Edicións Xerais, 1996
- ✓ Fraguas, Antonio: *Romarías e Santuarios*, Diario 16 de Galicia, 1992
- ✓ López Carreira, Anselmo: *O reino medieval de Galicia*. Edicións A nosa Terra, 2008
- ✓ Risco, Vicente: *Obras completas* (Tomo 3 “Etnografía”) Editorial Galaxia, 1994
- ✓ Tato Fontaiña, Laura: *Historia do teatro galego*. Edicións A nosa Terra, 1999
- ✓ *Romaxe á Franqueira*, (Edición de Filgueira Valverde) Edicións Castrelos, 1974